



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27.11.2020 POLO QUE SE RESOLVE O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA PROVER UNHA PRAZA DE AUXILIAR TÉCNICA INFORMÁTICA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Auxiliar Técnico/a Informático/a, do cadro de persoal funcionario, reservada a promoción interna vertical, grupo C, subgrupo C1, correspondente á Oferta de Emprego para o ano 2017, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 89, de 20 de abril de 2020; vista a proposta do Tribunal Cualificador; visto que a documentación á que se refire o punto 11.1 das Bases Xerais que rexen a convocatoria figura no expediente persoal da interesada, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos no artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público; esta Presidencia, en representación do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 12.1 das Bases Xerais, propón á Xunta de Goberno resolver definitivamente o procedemento selectivo nomeando a:

D^a. María del Carmen Vila López, para ocupar unha praza de Auxiliar Técnico/a Informático/a, número 769, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público - EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2017, reservada a promoción interna vertical e o posto de traballo de homónima denominación número 1135.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación da presente resolución ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 10 de decembro de 2020.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3181

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27.11.2020 POLO QUE SE RESOLVE O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA PROVER UNHA PRAZA DE RESTAURADOR CONSERVADOR ARQUIVO DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Restaurador/a Conservador/a Arquivo, do cadro de persoal funcionario, reservada a promoción interna vertical, grupo C, subgrupo C1, correspondente a Oferta de Emprego para o ano 2017, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 89, de 20 de abril de 2020; vista a proposta do Tribunal Cualificador; visto que a documentación á que se refire o punto 11.1 das Bases Xerais que rexen a convocatoria figura no seu expediente persoal da interesada, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos no artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público; esta

Presidencia, en representación dos Tribunais Cualificadores e de acordo co punto 12.1 das Bases Xerais, propón á Xunta de Goberno resolver definitivamente o procedemento selectivo nomeando a:

D. Alfonso Rodríguez Castro, para ocupar unha praza de Restaurador/a Conservador/a Arquivos número 886, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público – EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2017, reservada a promoción interna e o posto de traballo de homónima denominación número 1430.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación da presente resolución ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 10 de decembro de 2020.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3182

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27.11.2020 POLO QUE SE RESOLVE O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA PROVER UNHA PRAZA DE DESEÑADORA INFOGRAFISTA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Deseñador/a Infografista, do cadro de persoal funcionario, reservada a promoción interna vertical, grupo C, subgrupo C1, correspondente á Oferta de Emprego para o ano 2017, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 89, de 20 de abril de 2020; vista a proposta do Tribunal Cualificador; visto que a documentación á que se refire o punto 11.1 das Bases Xerais que rexen a convocatoria figura no expediente persoal da interesada, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos no artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público; esta Presidencia, en representación do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 12.1 das Bases Xerais, propón á Xunta de Goberno resolver definitivamente o procedemento selectivo nomeando a:

D^a. Ana María López López, para ocupar unha praza de Deseñador/a Infografista número 887, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público – EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2017, reservada a promoción interna vertical e o posto de traballo denominado Responsable Coordinador III Deseño e Comunicación Gráfica co número 1431.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación da presente resolución ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 10 de decembro de 2020.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3183

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 27.11.2020 POLO QUE APROBA A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA AMPLIAR A VIXENTE LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

En sesión celebrada o día 27 de novembro de 2020, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal vixente de Traballador/a Social, grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020 (corrección de erros BOP núm. 161, do 15.07.2020).

3º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases específicas, referidas á categoría de traballador/a social, publicadas no BOP núm. 174, do 31.07.2020.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

Pazo Provincial, 10 de decembro de 2020.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3184

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2020

Por Resolución da Presidencia de data 02 de decembro de 2020, aprobouse a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2020 e os criterios que rexerán nela co seguinte contido:

“Tras ver a proposta do deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“1. ANTECEDENTES:

Os artigos 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (L.R.B.R.L.), 204 da Lei de Emprego Público de Galicia e 128.1 do Real Decreto Lexislativo 781/86, establecen que as Entidades Locais aprobarán e publicarán, dentro do prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, a Oferta de Emprego Público (OEP) de conformidade cos criterios fixados pola normativa básica estatal.

O artigo 34.1. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL, sinala que lle corresponde ao Presidente da Deputación aprobar a Oferta de Emprego Público de acordo co Orzamento e o Cadro de Persoal aprobados polo Pleno.

O Orzamento desta Deputación Provincial foi aprobado inicialmente polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 5 de decembro do 2019, quedando aprobado definitivamente, transcorrido o prazo de información pública sen que se formularan alegacións, despois da súa publicación regulamentaria (BOP nº 003, de 4 de xaneiro do 2020), e a través daquel, os Cadros de Persoal funcionario e laboral desta Entidade, no que constan, entre outros contidos, as prazas vacantes dotadas orzamentariamente que se inclúen na proposta de Oferta de Emprego para 2020.

2. NORMATIVA ESPECÍFICA REGULADORA DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO:

O artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), establece:

“Oferta de Emprego Público.

1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ate un 10 % adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria destes. En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

2. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente.

3. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

O artigo 19.Un da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 (LOXE 2018), baixo o epígrafe Oferta de Emprego Público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal, establece, no que entendemos aplicable a Administración Local:

“A incorporación de novo persoal ao sector público delimitado no artigo anterior.

(o apartado c) do artigo 18 inclúe “as Corporacións Locais e Organismos delas dependentes”) (...) estará suxeita aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes:

(...)

Un. 1. A incorporación de novo persoal no sector público delimitado no artigo anterior, fóra das sociedades mercantís públicas e entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios participados maioritariamente polas Administracións e Organismos que integran o Sector Público, que se rexerán polo disposto nas disposicións adicionais vixésima sétima, vixésima oitava e vixésima novena respectivamente, desta Lei e dos Órganos Constitucionais do Estado, estará suxeita aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior a incorporación de persoal que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores ou dos procesos de selección e recrutamento para a cobertura dos persoais de militares de Tropa e Mariñeiría profesional fixadas na disposición adicional décima novena.

En todo caso, a oferta deberá aterse ás dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I do orzamento de gastos.

(...)

2. As Administracións Públicas que no exercicio anterior haxan cumprido os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e a regra de gasto, terán unha taxa de reposición do 100 por cen. Adicionalmente, poderán dispor dunha taxa do 8 por cento destinada a aqueles ámbitos ou sectores que requiran un reforzo de efectivos, sempre dentro do marco da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Esta porcentaxe adicional utilizarase preferentemente cando se dea, entre outras, algunha das seguintes circunstancias: establecemento de novos servizos públicos, incremento de actividade estacional pola actividade turística ou alto volume de xubilacións esperadas.

Para as entidades locais, os límites de débeda serán os que fixen as Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

A porcentaxe de taxa adicional será do 10 por cento para as entidades locais que, ademais dos requisitos anteriores, tivesen amortizada a súa débeda financeira a 31 de decembro do exercicio anterior.

3. As Administracións Públicas que non cumpran os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e de regra do gasto terán unha taxa de reposición do 100 por cento, nos seguintes sectores e ámbitos de actuación:

(...)

E) Administracións Públicas respecto do asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos.

(...)

Ñ) Prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.

(...)

R) Persoal de atención aos cidadáns nos servizos públicos.

(...)

S) Persoal que preste servizos na área das tecnoloxías da información e as comunicacións.

(...)

7. Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máximo fixado aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaron nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial.

(...)

Cinco. A validez da taxa autorizada no apartado uno, números 2 a 6 deste artigo, estará condicionada a que as prazas resultantes inclúanse nunha Oferta de Emprego Público que, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 70 do EBEP, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de Goberno das Administracións Públicas

e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, da Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano.

A validez de devandita autorización estará igualmente condicionada a que a convocatoria das prazas efectúese mediante publicación da mesma no Diario oficial da Provincia, Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, no prazo improrrogable de tres anos, a contar desde a data da publicación da Oferta de Emprego Público na que se inclúan as citadas prazas, cos requisitos establecidos no parágrafo anterior, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 70 do EBEP.

Seis. 1. A taxa de reposición dun ou varios sectores ou colectivos prioritarios poderase acumular noutros sectores ou colectivos prioritarios. A estes efectos considéranse prioritarios, para todas as Administracións Públicas, os sectores e colectivos enumerados no artigo 19, apartados un.3 e un.5. Igualmente, a taxa de reposición dos sectores non prioritarios poderá acumularse nos sectores prioritarios.

As entidades locais que no exercicio anterior haxan cumprido os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e a regra de gasto e que, a 31 de decembro de 2017, teñan amortizada a súa débeda financeira poderán acumular a súa taxa de reposición indistintamente en calquera sector ou colectivo.

Sete. Os apartados uno, dous, cinco e seis deste artigo teñen carácter básico e ditanse ao amparo dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Así mesmo o artigo 37.1 Do EBEP, sinala:

“Materias obxecto de negociación.

1.- Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada administración Pública, e co alcance legal que proceda en cada caso:

(...)

Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público”.

O artigo 10.4 do EBEP sinala tamén:

“No suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo (existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira), as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fora posible, na seguinte agás que se decida a súa amortización.”

3. ACORDOS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN (MXN):

Consecuencia de todo o sinalado; analizadas as necesidades de recursos humanos desta Deputación, constátase:

Que nos Cadros de persoal funcionario e laboral desta Entidade, aprobados, con ocasión da aprobación dos Orzamentos da Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2020, existen as prazas vacantes que seguidamente se relacionan e na Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente os postos de traballo que se corresponden coas citadas prazas; resultando tamén que as prazas e postos a que deixamos feito referencia están dotados orzamentariamente;

Que dos antecedentes que constan no Servizo de Recursos Humanos a Taxa de Reposición de Efectivos para o ano 2020, calculada conforme ao establecido no artigo 19.Un.7 da mencionada Lei de Orzamentos Xerais para 2018 ascende a ONCE (11) efectivos que non sobrepasan o límite máximo do 100% da diferenza entre o número de empregados fixos que durante o exercicio orzamentario anterior (ano 2019) deixaron de prestar servizos e o número de empregados que se tiveran incorporado no mesmo tendo en conta as altas e baixas producidas por concurso de traslados.

En cumprimento do establecido nos artigos 36.3 e 37.1 l) do EBEP procedeuse a someter á consideración da Mesa Xeral de Negociación Común (persoal funcionario e persoal laboral) da Excm. Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 11 de novembro de 2020, sendo aprobados, logo das oportunas deliberacións coas organizacións sindicais que compoñen o banco social de dito órgano de participación. Á vista de todo o sinalado, os criterios e contido da Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2020, fórmulase nos seguintes termos:

1º. Criterios que rexerán na OEP:

- A OEP da Deputación conterá as prazas de persoal de novo ingreso (quenda libre).
- A quenda de acceso libre incluírá o 100 % da Taxa de Reposición de Efectivos (TRE), conforme ao previsto no artigo 19.Un.3 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, e inclúe un total de ONCE (11) prazas na Deputación Provincial. Dentro deste criterio, inclúense ás prazas que están sendo desempoadas en réxime de interinidade, e dentro desas a aquelas que permitan completar a totalidade de efectivos de cada unha delas, de xeito que, chegado o momento, permita convocar todas as vacantes de unha mesma praza.
- Ao abeiro do establecido no parágrafo cuarto do artigo 19.Un.9 que establece que “a articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da

Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, podendo artellarse medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes Administracións no desenvolvemento dos mesmos”, a Mesa Xeral de Negociación adoptou acordo unánime, en sesión de 17 de outubro de 2017, no sentido de que con carácter xeral o sistema selectivo que rexerá nos procesos selectivos incluídos nesta Oferta de Emprego será o de concurso-oposición.

Nese sentido adoptaranse as medidas necesarias para que as bases das correspondentes convocatorias se adecúen ás peculiaridades deste sistema selectivo, con respecto ao determinado nos principios contidos na norma antes citada, no Estatuto Básico do Empregado Público e na normativa que regula o acceso á función pública que resulte de aplicación.

- *Tendo en conta que na OEP 2019 foi incluída unha praza polo cupo de reserva para persoas con discapacidade (artigo 59.1 do EBEP), e que o número de prazas que está previsto ofertar, derivadas da Taxa de Reposición de Efectivos, non alcanza para poder completar unha praza na OEP deste ano; a fracción resultante deste ano terase en conta para que se compute no cálculo do próximo ano, a efectos de cumprir o mandato de incluír o 7% das prazas vacantes ofertadas pola quenda de acceso libre para seren cubertas entre persoal con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.*
- *No non expresado nos puntos anteriores, a Administración rexerá polas normas en vigor e polos criterios que considere máis axeitados dentro das súas potestades de planificación, programación e autoorganización.*

2º. Contido da OEP 2020 da Deputación Provincial:

PAZAS DE ACCESO LIBRE Taxa ordinaria: once (11) prazas

Réxime Xurídico Administrativo:

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
Técnico/a Superior de Turismo	189	Técnico/a Superior de Turismo	1038
Técnico/a de Xestión	877	Técnico/a de Xestión	1421
Técnico/a de Xestión	878	Técnico/a de Xestión	1422
Técnico/a de Xestión	879	Técnico/a de Xestión	1423
Dinamizador/a Cultural	894	Dinamizador/a Cultural	1457
Maquinista Condutor	865	Maquinista Condutor	1350
Porteiro/a	110	Porteiro/a	109

Réxime Xurídico laboral:

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	3338	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1417
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	3339	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1418
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	3340	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1419
Peón de Reparación de Vías Provinciais	3334	Peón de Reparación de Vías Provinciais	1449

II. PAZAS DO CUPO DE RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (ART.59.1 EBEP): a fracción que corresponde ao 7% das prazas ofertadas no presente ano 2020 será agregada á OEP de exercicios próximos.

Atendendo a canto antecede, propoño que pola Presidencia, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, resolva aprobar a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 co contido de prazas anteriormente enumeradas.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

O que se fai público en cumprimento do determinado no artigo 70.2 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, coa indicación de que a presente Resolución é definitiva, polo que contra esta, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Presidente da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Pazo Provincial, 3 de decembro de 2020.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3185

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO DE CARBALLEDO PARA O EXERCIZO 2021

Non constando a presentación de reclamacións ao Orzamento Xeral do Concello de Carballo para o ano 2021, inicialmente aprobado en sesión extraordinaria celebrada con data 29 de outubro de 2020 polo Pleno municipal, o expediente considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ESTADO DE GASTOS

Cap.	Descrición	Consignación	(%)
1	GASTOS DE PERSONAL	1.375.333,20	56,687
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	831.075,32	34,254
3	GASTOS FINANCIEROS	2.783,93	0,115
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	51.100,00	2,106
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	29.351,25	1,210
6	INVERSIONES REALES	122.146,50	5,035
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	14.396,96	0,593
	TOTAL	2.426.187,16	100,000

ESTADO DE INGRESOS

Cap.	Descrición	Consignación	(%)
1	IMPUESTOS DIRECTOS	704.602,37	29,042
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	15.000,00	0,618
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	698.144,39	28,775
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	1.008.290,40	41,559

5	INGRESOS PATRIMONIALES	150,00	0,006
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
	TOTAL	2.426.187,16	100,000

Carballedo, 4 de decembro de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3136

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións ao expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito núm. 1/2020, para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, por importe de **88.000,00€ (OITENTA E OITO MIL EUROS)**, inicialmente aprobado en sesión plenaria celebrada con data 29 de outubro de 2020, o expediente considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ALTAS EN APLICACIÓNS DE GASTOS

PROGRAMA	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
153	210	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES	17.000,00
161	619	OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BENS USO GRAL	6.000,00
172	210	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES	30.000,00
311	22106	PRODUCTOS FARMACEUTICOS Y MATERIAL SANITARIO	10.000,00
454	210	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES	15.000,00
2312	22199	OTROS SUMINISTROS	10.000,00
			88.000,00

INGRESOS

	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
	87000	PARA GASTOS GENERALES	88.000,00

Carballedo, 4 de decembro de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3137

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións ao expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito 2/2020, aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada con data 29 de outubro de 2020 por importe de **16.600,00€ (DEZASÉIS MIL SEISCENTOS EUROS)**, o expediente considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

FICHA DE TRANSFERENCIA PROPOSTA - expediente 2/2020

PARTIDAS DE BAIXA

PROGRAMA	ECONOMICA	DESCRIPCION	IMPORTE
338	480	A FAMILIAS E INSTITUCIONES SIN FINES DE LUCRO	5.000,00
341	480	A FAMILIAS E INSTITUCIONES SIN FINES DE LUCRO	1.100,00
414	480	A FAMILIAS E INSTITUCIONES SIN FINES DE LUCRO	5.000,00
334	480	A FAMILIAS E INSTITUCIONES SIN FINES DE LUCRO	5.500,00
			16.600,00

PARTIDAS DE ALTA

454	131	LABORAL TEMPORAL	10.325,20
454	16003	SEGURIDAD SOCIAL. LABORAL TEMPORAL	6.274,80

Carballedo, 4 de decembro de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3138

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións ao expediente de aprobación do Plan económico financeiro inicialmente aprobado en sesión plenaria celebrada con data 25 de xuño de 2020, o expediente considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia.

Estabilidad Presupuestaria

	EJERCICIO 2019	EJERCICIO 2020	EJERCICIO 2021
DESCRIPCIÓN	DRN	DRN	DRN
Impuestos directos	681.720,54	704.602,37	704.602,37
Impuestos indirectos	14.732,42	15.000,00	15.000,00
Tasas y otros ingresos	207.275,79	698.144,39	707.144,39
Transferencias corrientes	1.279.767,92	1.178.408,75	1.178.408,75
Ingresos patrimoniales	0,00	150,00	150,00
Enajenación de inversiones reales	0,00	0,00	0,00
Transferencias de capital	308.895,71	263.103,14	263.103,14
Activos financieros	0,00	0,00	0,00
Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00
TOTALES	2.492.392,38	2.859.408,65	2.868.408,65
	EJERCICIO 2019	EJERCICIO 2020	EJERCICIO 2021
DESCRIPCIÓN	ORN	ORN	ORN
Gastos de personal	1.351.250,01	1.504.563,23	1.504.563,23
Gastos en bienes corrientes y servicios	686.608,38	799.025,27	799.025,27
Gastos financieros	1.955,09	2.011,11	2.011,11
Transferencias corrientes	42.821,40	44.661,40	44.661,40
Fondo de contingencia y Otros imprevistos	0,00	29.351,25	29.351,25
Inversiones reales	848.487,96	437.774,61	437.774,61
Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00

Activos financieros	0,00	0,00	0,00
Pasivos financieros	15.560,94	14.396,96	14.396,96
TOTALES	2.946.683,78	2.831.783,83	2.831.783,83
SUMA CAP 1 A 7 DE INGRESOS	2.492.392,38	2.859.408,65	2.868.408,65
SUMA CAP 1 A7 DE GASTOS	2.931.122,84	2.817.386,87	2.817.386,87
CAPACIDAD / NECESIDAD DE FINANCIACIÓN ANTES DE AJUSTES	-438.730,46	42.021,78	51.021,78
AJUSTES:			
Ajuste por recaudacion ingresos Capitulo 1	30.662,57	-44.704,81	-44.704,81
Ajuste por recaudacion ingresos Capitulo 2	0,00	-410,28	-410,28
Ajuste por recaudacion ingresos Capitulo 3	-6.809,94	-12.370,03	-12.370,03
(+)Ajuste por liquidacion PTE - 2008	3.462,12	3.462,12	3.462,12
(+)Ajuste por liquidacion PTE - 2009	3.670,92	3.670,92	3.670,92
(+)Ajuste por liquidación PTE de ejercicios distintos a 2008 y 2009	26.865,17	23.555,93	0,00
Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto	0,00	0,00	0,00
Otros ajustes	0,00	0,00	0,00
CAPACIDAD / NECESIDAD DE FINANCIACIÓN SEC-2010	-380.879,62	15.225,61	669,68

Regla de gasto.

	EJERCICIO 2019	EJERCICIO 2020	EJERCICIO 2021
DESCRIPCIÓN	DRN	DRN	DRN
Impuestos directos	681.720,54	704.602,37	704.602,37
Impuestos indirectos	14.732,42	15.000,00	15.000,00
Tasas y otros ingresos	207.275,79	698.144,39	707.144,39
Transferencias corrientes	1.279.767,92	1.178.408,75	1.178.408,75
Ingresos patrimoniales	0,00	150,00	150,00
Enajenación de inversiones reales	0,00	0,00	0,00
Transferencias de capital	308.895,71	263.103,14	263.103,14
Activos financieros	0,00	0,00	0,00
Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00
TOTALES	2.492.392,38	2.859.408,65	2.868.408,65
	EJERCICIO 2019	EJERCICIO 2020	EJERCICIO 2021
DESCRIPCIÓN	ORN	ORN	ORN
Gastos de personal	1.351.250,01	1.504.563,23	1.504.563,23
Gastos en bienes corrientes y servicios	686.608,38	799.025,27	799.025,27
Gastos financieros	1.955,09	2.011,11	2.011,11
Transferencias corrientes	42.821,40	44.661,40	44.661,40
Fondo de contingencia y Otros imprevistos	0,00	29.351,25	29.351,25
Inversiones reales	848.487,96	437.774,61	437.774,61
Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00
Activos financieros	0,00	0,00	0,00
Pasivos financieros	15.560,94	14.396,96	14.396,96
TOTALES	2.946.683,78	2.831.783,83	2.831.783,83

SUMA CAP 1 A7 DE GASTOS (*)	2.929.167,75	2.815.375,76	2.815.375,76
AJUSTES Calculo empleos no financieros según el SEC			
(+/-) Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto	0,00	0,00	0,00
(+/-) Otros	0,00	0,00	0,00
Empleos no financieros terminos SEC excepto intereses de la deuda	2.929.167,75	2.815.375,76	2.815.375,76
Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones públicas	-1.084.767,47	-917.582,18	-917.582,18
Total de Gasto computable del ejercicio	1.844.400,28	1.897.793,58	1.897.793,58

(*) Del Capítulo 3 de gastos financieros unicamente se agregaran los gastos de emisión, formalización, modificación y cancelación de préstamos, deudas y otras operaciones financieras, así como los gastos por ejecución de avales. Subconceptos (301-311-321-331-357)

Gasto computable ejercicio N-1 SIN IFS	1.663.498,39	1.844.400,28	1.897.793,58
IFS ejercicio N-1	-188.463,42	0,00	0,00
Tasa de incremento del PIB (%) ejercicio N	2,70%	2,90%	3,00%
Incremento de gasto por incremento PIB	39.825,94	53.487,61	56.933,81
Variaciones permanentes de recaudación N	0,00	0,00	0,00
IFS ejercicio N	0,00	0,00	0,00
Límite regla de gasto	1.514.860,91	1.897.887,89	1.954.727,39
Cumplimiento / Incumplimiento regla de gasto	-329.539,37	94,30	56.933,81

Carballedo, 4 de decembro de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3139

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada , na sesión do día 03/12/2020 acordou aprobar inicialmente a modificación das tarifas do servizo de auga e sumidoiros, coa conseguinte modificación das ordenanzas correspondentes.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días , na Secretaría deste Concello , periodo durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada, 4 de decembro de 2020.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3140

LUGO

Anuncio

Excma. Sra. Dona Lara Méndez López, Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo,

Instruído o expediente relativo ao peche do Taboleiro edictal físico e a súa substitución nas súas funcións de publicación, polo Taboleiro electrónico aloxado na sede electrónica municipal.

Visto o informe-proposta emitido pola Vicesecretaría Xeral o 04 de decembro de 2020 o cal é do seguinte teor literal:

“As Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, non só regulan as relacións entre administración e cidadanía a través de medios electrónicos, senón tamén entre administracións, abocándoas a dar o salto definitivo hacia unha administración interoperable, sen papel, cunha tramitación integramente electrónica de todos os seus procesos.

Neste marco legal, o concello de Lugo ven de afrontar o proceso para a transformación dixital da súa administración municipal, a través do desenvolvemento e execución do Proxecto Lugo Smart, cofinanciado con fondos Feder e cun amplo alcance no ámbito de actuación do Concello de Lugo, que dedica o seu componente C1-plataforma de administración electrónica á implantación dunha solución electrónica global cuxos obxectivos son entre outros favorecer o funcionamento electrónico interno e integrado e a coordinación coas restantes administracións.

O taboleiro electrónico é un módulo aloxado na sede electrónica que permite o acceso a través de medios electrónicos- a toda a documentación tanto da administración municipal como de calquera outra administración, que se deba publicar a través de anuncios ou edictos garantindo a autenticidade, integridade e dispoñibilidade do seu contido, así como a constatación da data e hora de publicación dos edictos aos efectos de cómputo de prazos.

A posta en marcha deste módulo electrónico con integración á plataforma Tecol e a SITE (Taboleiro edictal único), supón a evolución natural en termos de avance no uso das novas tecnoloxías do sistema de publicación da documentación en soporte físico nos denominados taboleiros edictais, que serán desta maneira substituídos nestas funcións polo taboleiro electrónico, a través do cal se poñerá a disposición da cidadanía a documentación obxecto de publicación, ao non ser posible por razóns organizativas e funcionais a convivencia de ambos sistemas.

En virtude do exposto, a asinante, Vicesecretaría Xeral, proponlle á Alcaldía que en virtude das atribucións conferidas polo artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, adopte a seguinte resolución:

Primeiro: Ordear o peche do Taboleiro edictal físico con efectos do 9-12-2020 e a súa substitución a partir desa data nas súas funcións de publicación, polo Taboleiro electrónico aloxado na sede electrónica municipal.

Segundo: A partir do 9-12-2020 e no sucesivo, as funcións de publicación a través de anuncios ou editos da documentación, tanto desta Administración municipal como de calquera outra Administración pública e Organismos Autónomos, realizarase exclusivamente a través do Taboleiro electrónico ao cal poderá acceder a cidadanía, sen identificación previa, a través da url: www.lugo.gal.

Terceiro: Procédase á súa publicación no Taboleiro Electrónico, Boletín Oficial da Provincia e Portal de Transparencia.

Cuarto: Déaselles traslado da presente resolución a todos os Servizos, Seccións, Negociados e unidades administrativas, para o seu coñecemento e efectos que procedan.”

De conformidade co cal, no uso das atribucións que lle confire á Alcaldía o artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL),

RESOLVO:

Primeiro: Ordear o peche do Taboleiro edictal físico con efectos do 9-12-2020 e a súa substitución a partir desa data nas súas funcións de publicación, polo Taboleiro electrónico aloxado na sede electrónica municipal.

Segundo: A partir do 9-12-2020 e no sucesivo, as funcións de publicación a través de anuncios ou editos da documentación, tanto desta Administración municipal como de calquera outra Administración pública e Organismos Autónomos, realizarase exclusivamente a través do Taboleiro electrónico ao cal poderá acceder a cidadanía, sen identificación previa, a través da url: www.lugo.gal.

Terceiro: Publíquese no Taboleiro Electrónico, Boletín Oficial da Provincia e Portal de Transparencia.

Cuarto: Déaselles traslado da presente resolución a todos os Servizos, Seccións, Negociados e unidades administrativas, para o seu coñecemento e efectos que procedan, coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

a) Recurso de reposición, potestativo, ante a Alcaldesa no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte a aquel no que se reciba esta notificación (art. 112, art.123 e art.124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución ou, no seu caso, 2 meses a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición. En caso de que non se produza esta resolución expresa, o prazo será de 6 meses a contar dende o seguinte a aquel no que se produza o acto presunto (art. 46

da Lei 29/1988, do 13 de xullo e art.123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

c) Tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que considere procedente en defensa dos seus intereses. Cúmprase.

R. 3141

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2020, adoptou, entre outros o acordo 4/620 **RECTIFICACIÓN DO ACORDO 16/338 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA ADXUNTOS DE SERVIZO, XEFES DE SECCIÓN E ADXUNTOS DE SECCIÓN ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 29 DE XULLO DE 2020**, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“**Primeiro.-** Rectificar o acordo 16/338 aprobación das Bases que rexerán ó concurso para a provisión de varios postos de traballo no Concello de Lugo, de xeito que onde di:

- **Xefe/a de Sección do Órgano de Xestión Económico Financeiro.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente. CODIGO 62/18

debe dicir:

- **Xefe/a de Sección do Órgano de Orzamentación e Contabilidade.** Funcionario/a de carreira, da Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, GRUPO A2. (Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) ou Funcionario/a de Carreira, Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente. CODIGO 64/18

Segundo.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.”

Lugo, 7 de decembro de 2020.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3142

Anuncio

DECRETO NÚMERO 7971/2020 DO 07/12/2020

Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) e tendo en conta a proposta da Vicesecretaría de data 4 de decembro de 2020, do seguinte teor literal:

“ASUNTO: LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2016)

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- Polo Decreto número 19005018 DO 06/06/2019 se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo nº 10/325 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas vacantes. O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 148 do 29 de xuño de 2019, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 157, de 21 de agosto de 2019. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 232 do 26 de setembro de 2019.
- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día quince de xaneiro de dous mil vinte, adoptou o acordo 3/6 DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O

ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte, adoptou o acordo 11/37 PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE RECUSACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS
- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día un de xullo de dous mil vinte, adoptou o acordo 13/276 ACEPTACIÓN DA RENUNCIA E NOVO NOMEAMENTO COMO VOGAL DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, POLO SISTEMA DE PROMOCION INTERNA
- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xullo de dous mil vinte, adoptou o acordo 19/341 RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE RECUSACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR NOMEADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 15 DE XANEIRO DO 2020, APROBATORIO DA DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA
- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xullo de dous mil vinte, adoptou o acordo 18/340 DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA
- Polo Decreto Nº 4700/2020 do 24/08/2020 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 19005018 do 06/06/2019, para o acceso en propiedade a unha praza de ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, uenda promoción interna (OPE 2016).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo núm. 198 do 29 de agosto de 2020, rematando o prazo de presentación de enmendadas o 11 de setembro de 2020.

- Renuncia do vogal, D. Ricardo Babío Arcay, Enxeñeiro de Camiños da Demarcación de Costas do Estado de Galicia (MITECO) remitida por mail de 2 de setembro de 2020 por circunstancias laborais e persoais.
- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día trinta de setembro de dous mil vinte, adoptou o acordo 21/462 DESIGNACIÓN MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Terceiro.- Durante o prazo de enmendadas non foi recibida ningunha solicitude de subsanación nin reclamación.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, propónse á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos a adopción da seguinte **RESOLUCIÓN**:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 19005018 do 06/06/2019, se resolveu convocar o proceso selectivo

para o acceso en propiedade a unha praza de ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo 10/325 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas vacantes.

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
CARDAMA CID, ALBERTO	*864S

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
DIAZ ALVAREDO, JOSE LUIS	*310D	Non ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade (base 4º.b)

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2020, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a de Camiños, en quenda de promoción interna; estará constituído do seguinte xeito:

Presidente: D. Héctor Diéguez Aranda, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: D. José María González Rodríguez, Xefe de Servizo de Urbanismo do Excmo Concello de Lugo.

Vogais:

1.- D^a Carlota Pita Pita, Enxeñeira de Camiños do Concello de Arteixo.

Suplente: D^a. Ana Isabel Saez Mancebo, Técnica do Excmo. Concello de Lugo.

2.- D. José Antonio Mondelo Rodríguez, Enxeñeiro de Camiños da Excma. Deputación de Lugo.

Suplente: D. Miguel Angel Negral Fernández, Enxeñeiro de Montes do Excmo. Concello de Lugo.

3.- D. Oscar Souto Muíño, Xefe de Sección, Enxeñeiro de Camiños do Concello de Cambre.

Suplente: D^a. Patricia Vázquez Mille, Xefa do Servizo de Urbanismo da Delegación Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de Lugo.

Secretaria: D Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Excmo Concello de Lugo

Suplente: D^a. María García Ferro, Vicesecretaria do Excmo. Concello de Lugo.

OBSERVADORA: María Baza Poudereux, Xefa de Servizo de Intervención do Excmo Concello de Lugo.

Terceiro.- Fixar a data, hora e lugar de constitución do tribunal e baremación da fase de concurso do seguinte xeito:

Data: 21 de xaneiro de 2021

Hora: 16 horas

Lugar: Edificio de Novas Tecnoloxías, sito na Praza Anxo Fernández Gómez, s/n.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 19005018 do 06/06/2019, se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo 10/325 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas vacantes.

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
CARDAMA CID, ALBERTO	*864S

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
DIAZ ALVAREDO, JOSE LUIS	*310D	Non ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade (base 4º.b)

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2020, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a de Camiños, en quenda de promoción interna; estará constituído do seguinte xeito:

Presidente: D. Héctor Diéguez Aranda, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: D. José María González Rodríguez, Xefe de Servizo de Urbanismo do Excmo Concello de Lugo.

Vogais:

1.- D^a Carlota Pita Pita, Enxeñeira de Camiños do Concello de Arteixo.

Suplente: D^a. Ana Isabel Saez Mancebo, Técnica do Excmo. Concello de Lugo.

2.- D. José Antonio Mondelo Rodríguez, Enxeñeiro de Camiños da Excma. Deputación de Lugo.

Suplente: D. Miguel Angel Negral Fernández, Enxeñeiro de Montes do Excmo. Concello de Lugo.

3.- D. Oscar Souto Muíño, Xefe de Sección, Enxeñeiro de Camiños do Concello de Cambre.

Suplente: D^a. Patricia Vázquez Mille, Xefa do Servizo de Urbanismo da Delegación Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de Lugo.

Secretaria: D Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Excmo Concello de Lugo

Suplente: D^a. María García Ferro, Vicesecretaria do Excmo. Concello de Lugo.

OBSERVADORA: María Baza Poudereux, Xefa de Servizo de Intervención do Excmo Concello de Lugo.

Terceiro.- Fixar a data, hora e lugar de constitución do tribunal e baremación da fase de concurso do seguinte xeito:

Data: 21 de xaneiro de 2021

Hora: 16 horas

Lugar: Edificio de Novas Tecnoloxías, sito na Praza Anxo Fernández Gómez, s/n.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola

disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 7 de decembro de 2020.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3143

Anuncio

DECRETO NÚMERO 7327/2020 DO 19/11/2020

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria do 28 de decembro de 2017 adoptou o acordo 1/805 polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2017, e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

- Grupo A, subgrupo A2, escala de Administración especial. Numero de vacantes: 1 (quenda libre). Denominación: Arquitecto/a Técnico/a.

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 298, do 30 de decembro de 2017, e DOG número 77, do 20 de abril de 2018.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día catro de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo 12/547 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OPE 2017).

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a Técnico/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017), que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 12/547 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de novembro de 2020, que seguidamente se transcriben:

"1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Arquitecto/a Técnico/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: Arquitecto/a Técnico/a

b) Grupo A (Subgrupo A2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

- Clase: Media

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- **TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:**

Título de Arquitecto/a técnico/a ou Título universitario de grao ou equivalente.

5º.- **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra Alcadesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final séptima da mesma).

Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Copia auténtica da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 17,30 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

PRIMEIRO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 12 temas, e figura na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

SEGUNDO EXERCICIO. Teórico: Desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ao chou, un de cada unha das partes en que se divide o temario de materias específicas. A duración máxima para este exercicio será de tres horas. Cada tema será puntuado de xeito independente, sendo necesario superar cada unha das partes para poder establecer a media do segundo exercicio.

TERCEIRO EXERCICIO. Práctico que consistirá en realizar dous supostos prácticos, durante un período máximo de catro horas. Ditos supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo dos exercicios correspondentes e estarán relacionados cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. Cada caso práctico será puntuado de xeito independente, sendo necesario superar cada un dos prácticos para poder establecer a media do terceiro exercicio.

No anuncio de convocatoria deste terceiro exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 4 ou equivalentemente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICA

PRIMEIRA PARTE

Tema 1.- A organización Administrativa do urbanismo. O urbanismo como función pública. Competencias da Administración do Estado. Competencias da Administración autonómica. Competencias da Administración local.

Tema 2.- Lexislación estatal do solo. Principios. Condicións básicas nos dereitos e deberes constitucionais da cidadanía. Bases do réxime do solo.

Tema 3.- A Lei 10/1995, do 23 de novembro de ordenación do territorio de Galicia. Os proxectos sectoriais. Decreto 80/2000, do 23 de marzo. O parque empresarial das Gándaras. Directrices de ordenación do territorio.

Tema 4.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Disposicións xerais: Principios xerais. Competencias e organización administrativa.

Tema 5.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016: Réxime urbanístico do solo. Clasificación do solo. Réxime das distintas clases e categorías do solo.

Tema 6.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, pola Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: Disposicións xerais. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.

Tema 7.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016: Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal: Os plans parciais e especiais. O planeamento incorporado no plan xeral do Concello de Lugo.

Tema 8.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016: Procedemento para a elaboración e aprobación do planeamento urbanístico. A vixencia e modificación dos plans urbanísticos. A suspensión de licenzas. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Normas de Aplicación Directa. Aplicación no concello de Lugo á vista da aprobación parcial do Plan xeral.

Tema 9.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Execución do planeamento urbanístico. Áreas de repartición. Aproveitamento tipo. Polígonos de execución. Regras xerais para a equidistribución. Sistemas de actuación. Obtención de terreos de sistemas xerais e locais. Patrimonio públicos do solo.

Tema 10.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016; Ordenanza reguladora das comunicacións de obras menores no concello de Lugo:

Intervención na edificación e uso do solo. Títulos habilitantes de natureza urbanística. As licenzas urbanísticas e comunicacións previas no concello de Lugo. Finalidade. Actos suxeitos a licenza. As licenzas parciais. Procedemento de outorgamento de licenzas e de tramitación das comunicacións previas. Efectos do silencio.

Tema 11.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016: Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística. Prelación de licenzas. Caducidade. Incumprimento dos prazos de edificación. Modificacións, supostos de incumprimento e caducidade das licenzas.

Tema 12.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación. Ordes de execución. Procedemento. Executividade e execución forzosa. Declaración de ruína. Clases e procedemento para a súa declaración. Perigo inminente. Rexistro de soares. Venda forzosa. Aplicación no concello de Lugo, Ordenanza municipal.

Tema 13.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Disciplina urbanística. A protección da legalidade urbanística: obras e usos sen título habilitante en curso de execución, obras rematadas sen título habilitante. Suspensión e revisión das licenzas. Protección da legalidade en zonas verdes, espazos libres, viarios, dotacións e equipamentos públicos. Protección da legalidade no solo rústico. Infraccións e sancións.

Tema 14.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Disposicións xerais. Desenrolo, execución e xestión do plan especial.

Tema 15.- Ordenanza municipal de Protección Ambiental BOP núm. 139 do 19 xuño de 1995.

Tema 16.- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia

SEGUNDA PARTE

Tema 17.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Condicións de protección do patrimonio histórico e ambiental.

Tema 18.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Tipificación das actuacións de edificación

Tema 19.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Regulación do patrimonio arquitectónico.

Tema 20.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Normas xerais da edificación. As licenzas municipais.

Tema 21.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Normas particulares de zona. Ordenanzas especiais.

Tema 22.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Xestión e execución do planeamento. Condicións para o desenvolvemento do solo urbano no concello de Lugo. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.

Tema 23.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Xestión e execución do planeamento. Condicións para o desenvolvemento do solo urbanizable no concello de Lugo. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.

Tema 24.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Réxime dos usos.

Tema 25.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, pola Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Normas xerais de edificación.

Tema 26.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Normas xerais de urbanización.

Tema 27.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Normas xerais de protección.

Tema 28.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Protección do patrimonio cultural.

Tema 29.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Zonas de ordenanza.

Tema 30.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Memoria de ordenación. Obxectivos e criterios da proposta. Descrición da ordenación proposta. Sistemas xerais dotacionais: os equipamentos e zonas verdes.

Tema 31.- Réxime transitorio da Lei 2/2016 e a súa aplicación no Concello de Lugo ao Réxime do solo de Núcleo Rural (Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Plan Xeral de ordenación Urbana do 1990 BOP núm. 106, 12 maio 1993):

Normas particulares solo de Núcleo rural. Ordenanza. Áreas de Expansión. Aplicación.

TERCEIRA PARTE

Tema 32.- Lexislación sectorial aplicable ó Concello de Lugo en materia de estradas, ferrocarrís, augas e infraestruturas. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 33.- Lexislación sectorial de protección do patrimonio cultural. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 34.- O Código técnico da edificación, disposicións xerais, condicións técnicas e administrativas. As esixencias básicas e os documentos básicos.

Tema 35.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación: disposicións xerais; esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes da edificación. Responsabilidades e garantías.

Tema 36.- Seguridade e hixiene no traballo: Lei 31/95 de prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas da Administración e dos empregados públicos. Servizos de prevención de riscos laborais. Participación dos empregados públicos.

Tema 37.- Seguridade e saúde nas obras de construción. Real Decreto. 1627/97

Tema 38.- Normativa sobre condicións mínimas de habitabilidade das vivendas de Galicia. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 39.- Normativa sobre condicións mínimas de habitabilidade das vivendas de Galicia. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. Excepcionalidade. Tramitación. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 40.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: no Estado na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello. Real decreto 173/2010, do 19 de febreiro, que modifica o CTE, aprobado por R.d. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade (DB SUA). Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas (BOP. 15/07/97, BOP. 28/12/04 e BOP 18/12/13). Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei. Aplicación no concello de Lugo para a edificación.

Tema 41.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: no Estado na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello. Real decreto 173/2010, do 19 de febreiro, que modifica o CTE, aprobado por R.d. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade (DB SUA). Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas (BOP. 15/07/97, BOP. 28/12/04 e BOP 18/12/13). Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei. Aplicación no concello de Lugo para as urbanizacións.

Tema 42.- Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas comparación coas esixencias básicas de seguridade e utilización do DB-SUA9

Tema 43 .- Condicións acústicas esixibles no Concello de Lugo na edificación, nos establecementos e actividades. Normativa reguladora estatal, autonómica e local (especial referencia ás seguintes normas: Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei do ruído, Real Decreto 1371/07, do 19 de outubro, polo que se aproba o Documento básico DB-HR “Protección fronte ao ruído”, do Código Técnico da Edificación, Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia, Ordenanza Xeral Municipal Reguladora da Contaminación Acústica e Ordenanza Municipal de Protección Ambiental).

Tema 44.- Actividades: licenza, comunicación previa, declaración responsable. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Decreto 144/2016 polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. Regulación segundo a Lei 2/2016 do solo de Galicia e o Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Tema 45.- Actividades recreativas y espectáculos públicos: Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia.

Tema 46.- Lei de contratos do sector público. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Contrato de obra: Actuacións preparatorias. Proxectos de obra: contido. Supervisión e replanteo do proxecto. Execución do contrato de obra: comprobación de replanteo, medicións de obra, certificacións de obra, pago do prezo.

Tema 47.- Lei de contratos do sector público. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Modificación do contrato de obra. Excesos de medición. Extinción por cumprimento: acta de recepción, ocupación de obra, certificación final, liquidación do contrato e prazo de garantía. Extinción por incumprimento: resolución do contrato de obra e efectos.

Tema 48.- Lei de contratos do sector público. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Expedientes de contratación: Tramitación, Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Procedemento: aberto, restrinxido, negociado e diálogo competitivo. Contratos menores. Selección do contratista e adxudicación. Mesa de contratación. Formalización.

O temario aquí indicado establece unha lexislación que pode verse alterada no suposto de que no momento da convocatoria fose aprobada outra lexislación que derroque ou modifique a aquí indicada; motivo polo que a lexislación obxecto de exame sempre será a vixente na data do exame.

8º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

9º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 19 de novembro de 2020.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3144

Anuncio

DECRETO NÚMERO 7326/2020 DO 19/11/2020

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de decembro de dous mil dezaioito, adoptou entre outros o acordo 9/701 APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2018, figurando, entre outras, 2 prazas ARQUITECTO, Grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial. 1 praza reservada a discapacitados/as.

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 39, do 15 de febreiro de 2019, e DOG número 73, do 15 de abril de 2019.

De igual xeito, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día catro de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros o acordo 13/548 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2018)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2018), que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 13/548 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de novembro de 2020, que seguidamente se transcriben:

"1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a dúas prazas de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018.

As e os aspirantes para cubrir as prazas obxecto desta convocatoria só poderán participar nunha das quendas: quenda de acceso libre ordinario ou quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade. Se da instancia presentada non se deduce a súa opción, será excluída/o nas listas provisionais que se publiquen. De non emendar o defecto na solicitude, quedarán definitivamente excluídas/os. Tras a publicación da lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os, non se permitirá ningún cambio de quenda ou calquera tipo de corrección ou aclaración ao respecto.

Se algunha/algún aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade supera os exercicios, pero non obtén praza e a súa puntuación é superior á obtida por outras/os aspirantes do sistema de acceso ordinario, será incluída/o pola súa orde de puntuación neste sistema.

De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante o proceso selectivo se dará tratamento diferenciado ás dúas quendas, no que se refire ás relacións de admitidas/os e excluídas/os, aos chamamentos aos exercicios e á relación de aprobadas/os. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborárase unha relación única na que se incluírán todas/os as/os candidatas/os que superaran todas as probas selectivas, ordenadas/os pola puntuación total obtida, con independencia da quenda pola que participasen.

2º.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS

a) Denominación das prazas: Arquitecto/a

b) Grupo A (Subgrupo A1)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

- Clase: Superior

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- **TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:**

Título de Arquitecto/a ou Título universitario de grao e máster ou equivalente.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Os interesados e interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final séptima da mesma).

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

d) Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

e) Copia auténtica da titulación esixida.

f) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 19,50 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase

en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e Prezos Públicos” que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

B) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

PRIMEIRO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 18 temas, e figura na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

SEGUNDO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou, un de cada unha das partes en que se divide o temario de materias específicas. A duración máxima para este exercicio será de catro horas.

TERCEIRO EXERCICIO. Práctico que constará de dúas fases: A primeira fase consistirá en realizar dous supostos prácticos, durante un período máximo de catro horas. A segunda fase consistirá en realizar outros dous supostos prácticos, durante un período máximo de catro horas. Ditos supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo dos exercicios correspondentes e estarán relacionados cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 4 ou equivalentemente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

PRIMEIRA PARTE

Tema 1.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación: disposicións xerais; esixencias técnicas e administrativas da edificación.

Tema 2.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación: axentes da edificación. Responsabilidades e garantías.

Tema 3.- Normativa sobre condicións mínimas de habitabilidade das vivendas de Galicia. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 4.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: no Estado na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello. Real decreto 173/2010, do 19 de febreiro, que modifica o CTE, aprobado por R.d. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade (DB SUA). Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas (BOP. 15/07/97, BOP. 28/12/04 e BOP 18/12/13). Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei. Aplicación no concello de Lugo para a edificación.

Tema 5.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: no Estado na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello. Real decreto 173/2010, do 19 de febreiro, que modifica o CTE, aprobado por R.d. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade (DB SUA). Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas (BOP. 15/07/97, BOP. 28/12/04 e BOP 18/12/13). Lei 10/2014, de 3 de decembro, de

accesibilidade Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei. Aplicación no concello de Lugo para as urbanizacións.

Tema 6.- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Tema 7.- Normativa sobre protección ambiental en Galicia. Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e normativa que a desenvolve.

Tema 8.- Actividades: licenza, comunicación previa, declaración responsable. Decreto 442/1992, da avaliación do impacto ambiental de Galicia, e Decreto 327/1991, do 4 de outubro, da avaliación de efectos ambientais para Galicia. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Decreto 144/2016 polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. Regulación segundo a Lei 2/2016 do solo de Galicia e o Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Tema 9.- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade: plans de ordenación dos recursos naturais; protección de espazos; espazos protexidos Rede Natura 2000.

Tema 10.- Protección contra incendios nos edificios. R. d. 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación: DB-SI (seguridade en caso de incendio). R. d. 2267/04, do 3 de decembro, Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 11 .- Condicións acústicas nos edificios. Real decreto 1675/2008, do 17 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1371/07, polo que se aproba o Documento básico DB-HR (Protección fronte ó ruído) do Código técnico da edificación. Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica. Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído. Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia. R. d. 1513/2005, do 16 de decembro, que desenvolve a lei 37/2003, no referente á valoración e xestión de ruído ambiental. R.d. 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 12.- Condicións de hixiene, saúde e protección do medio ambiente nos edificios. DB-HS (Salubridade) e DBHE (aforro de enerxía) do Código técnico da edificación. Certificación da eficiencia enerxética dos edificios. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 13.- Seguridade estrutural nos edificios. DB-SE de Código técnico da edificación.

Tema 14.- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia: proceso de edificación. A vivenda protexida. Incidencia no planeamento municipal.

Tema 15.- Lesións e danos nos edificios. Análise e diagnóstico. As medidas de impulso á rehabilitación, a obrigatoriedade da inspección técnica de edificios. As ordes de execución e as ruínas. Aplicación no concello de Lugo. Ordenanza municipal sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións.

Tema 16.- O Código técnico da edificación, obxecto, ámbito de aplicación e estrutura del.

Tema 17.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Disposicións xerais. Contratos do sector público.

Tema 18.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Partes do contrato. Órgano de contratación. Contratista: capacidade e solvencia. Clasificación, prohibicións para contratar. UTE.

Tema 19.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Expedientes de contratación: Tramitación, Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Procedemento: aberto, restrinxido e negociado. Contratos menores. Selección do contratista e adxudicación. Mesa de contratación. Formalización.

Tema 20.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción. Cesión e subcontratación.

Tema 21.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Contrato de obra: Actuacións preparatorias. Proxectos de obra: contido. Supervisión e replanteo do proxecto. Execución do contrato de obra: comprobación de replanteo, medicións de obra, certificacións de obra, pago do prezo.

Tema 22.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Modificación do contrato de obra. Excesos de medición. Extinción por cumprimento: acta de recepción, ocupación de obra, certificación final, liquidación do contrato e Prazo de garantía. Extinción por incumprimento: resolución do contrato de obra e efectos.

Tema 23.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: Contrato de servizos para redacción de proxecto e dirección de obra: Subsanación de erros e responsabilidade por defectos ou erros de proxecto. Responsabilidade da dirección facultativa durante o prazo de garantía.

SEGUNDA PARTE

Tema 24.- Seguridade e saúde da aplicación ás obras de construción. R. d. 1627/97.

Tema 25.- Resíduos na construción e demolición. Real decreto 105/2008. Aplicación no concello de Lugo. Real Decreto 396/2006, de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

Tema 26.- Instalacións comúns nos edificios

Tema 27.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Disposicións xerais. Desenrolo, execución e xestión do plan especial.

Tema 28.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Condicións de protección do patrimonio histórico e ambiental.

Tema 29.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Tipificación das actuacións de edificación

Tema 30.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Regulación do patrimonio arquitectónico.

Tema 31.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Normas xerais da edificación. As licenzas municipais.

Tema 32.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI):

Normas particulares de zona. Ordenanzas especiais.

Tema 33.- Os proxectos sectoriais. Lei 10/1995, do 23 de novembro. Decreto 80/2000, do 23 de marzo. O parque empresarial das Gándaras. Directrices de ordenación do territorio.

Tema 34.- Lexislación sectorial aplicable ó concello de Lugo en materia do patrimonio cultural.

Tema 35.- Lexislación sectorial aplicable ó Concello de Lugo en materia de estradas, ferrocarrís, augas e infraestruturas. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 36.- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana. Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: Valoracións. Disposicións xerais; conceptos e criterios xerais para a realización das valoracións.

Tema 37.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: valoración en situación de solo rural.

Tema 38.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: valoración en situación de solo urbanizado.

Tema 39.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: das indemnizacións e gastos de urbanización.

TERCEIRA PARTE

Tema 40.- Lexislación estatal de solo: principios. As condicións básicas da igualdade nos dereitos e deberes constitucionais da cidadanía.

Tema 41.- Lexislación estatal de solo: bases do réxime do solo.

Tema 42.- Lexislación estatal de solo: función social da propiedade e xestión do solo.

Tema 43.- Lexislación estatal de solo: expropiación forzosa e responsabilidade patrimonial.

Tema 44.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Disposicións xerais: Principios xerais. Competencias e organización administrativa.

Tema 45.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Réxime urbanístico do solo: solo urbano.

Tema 46.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Réxime urbanístico do solo: solo de núcleo rural.

Tema 47.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Réxime urbanístico do solo: solo urbanizable. Usos e obras provisionais.

Tema 48.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Réxime urbanístico do solo: solo rústico.

Tema 49.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Os instrumentos de ordenación urbanística: clases e obxectivos. Disposicións xerais sobre o planeamento: límites de sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social. Normas de calidade ambiental e paisaxística.

Tema 50.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Procedemento para a elaboración e aprobación do planeamento urbanístico. A vixencia e modificación dos plans urbanísticos. A suspensión de licenzas. Ordenación urbanística que afecte a varios concellos. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico.

Tema 51.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

O Plan xeral de ordenación municipal: Disposicións xerais. Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal: Os plans parciais e especiais.

Tema 52.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Os proxectos de urbanización: disposicións xerais, relación co planeamento, contido, procedemento de aprobación, proxectos de obras ordinarias previos ao proxecto de urbanización en parcelas dotacionais públicas. Execución e conservación de obras de urbanización. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 53.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Xestión e execución do planeamento. Condicións para o desenvolvemento do solo urbano no concello de Lugo. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.

Tema 54.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, en forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Xestión e execución do planeamento. Condicións para o desenvolvemento do solo urbanizable no concello de Lugo. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.

Tema 55.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Outras figuras de planeamento. Convenios urbanísticos. Normas de aplicación directa. Estudos de Detalle. Catálogos.

Tema 56.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Execución do planeamento urbanístico. Áreas de repartición. Aproveitamento tipo. Polígonos de execución. Regras xerais para a equidistribución.

Tema 57.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Sistemas de actuación.

Tema 58.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016; Ordenanza reguladora das comunicacións de obras menores no concello de Lugo (BOP núm. 77, 4 de abril de 2013):

Intervención na edificación e uso do solo. As licenzas urbanísticas e comunicacións previas. Procedemento de outorgamento de licenzas e de tramitación das comunicacións previas. Prelación de licenzas. Caducidade. Incumprimento dos prazos de edificación. Modificacións, supostos de incumprimento e caducidade das licenzas. As licenzas parciais. As parcelacións.

Tema 59.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación. Ordes de execución. Procedemento. Executividade e execución forzosa. Declaración de ruína. Clases e procedemento para a súa declaración. Perigo inminente. Rexistro de soares. Venda forzosa. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 60.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016:

Disciplina urbanística. A protección da legalidade urbanística: obras e usos sen título habilitante en curso de execución, obras rematadas sen título habilitante. Suspensión e revisión das licenzas. Protección da legalidade en zonas verdes, espazos libres, viarios, dotacións e equipamentos públicos. Protección da legalidade no solo rústico. Infraccións e sancións.

Tema 61.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, pola Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Disposicións xerais. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.

Tema 62.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Réxime dos usos.

Tema 63.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, pola Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Normas xerais de edificación.

Tema 64.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Normas xerais de urbanización.

Tema 65.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Normas xerais de protección.

Tema 66.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Protección do patrimonio cultural.

Tema 67.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Zonas de ordenanza.

Tema 68.- Réxime transitorio da Lei 2/2016 e a súa aplicación no Concello de Lugo ao Réxime do solo de Núcleo Rural (Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Plan Xeral de ordenación Urbana do 1990 BOP núm. 106, 12 maio 1993):

Normas particulares solo de Núcleo rural. Ordenanza. Áreas de Expansión. Aplicación.

Tema 69.- Réxime transitorio da Lei 2/2016 e a súa aplicación no Concello de Lugo ao Réxime do solo Urbanizable (Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Plan Xeral de ordenación Urbana do 1990 BOP núm. 106, 12 maio 1993):

Normas particulares solo Urbanizable. Solo Urbanizable Delimitado e solo Urbanizable non delimitado.

Tema 70.- Réxime transitorio da Lei 2/2016 e a súa aplicación no Concello de Lugo ao Réxime do solo Rústico (Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Plan Xeral de ordenación Urbana do 1990 BOP núm. 106, 12 maio 1993):

Normas particulares solo rústico. Zonas de Ordenación.

Tema 71.- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Memoria de ordenación. Obxectivos e criterios da proposta. Descrición da ordenación proposta. Sistemas xerais dotacionais: os equipamentos e zonas verdes.

Tema 72.- Ordenanza municipal de Protección Ambiental BOP núm. 139 do 19 xuño de 1995.

8º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

9º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-se o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 19 de novembro de 2020.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarelos Fondo.

R. 3145

Anuncio**PROTECCION DAS TERRAZAS POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTELERIA DA CIDADE DE LUGO ANTE AS LIMITACIONES DE AFORO ACORDADAS POLAS AUTORIDADES SANITARIAS**

Mediante bando da Alcaldía deste Concello ofreceuse no seu día aos titulares dos establecementos de hostelería situados na cidade de Lugo a posibilidade de incrementar a superficie destinada a terraza ou a instalar a mesma para o que podían facer uso do espazo público existente nos termos que o propio bando sinalaba e sempre de xeito que adoptasen as medidas de delimitación do espazo ocupado que garantiran a seguridade dos usuarios e viandantes e a accesibilidade sen que fose necesario máis trámite que a comunicación da ampliación ou instalación da terraza. Esa medida revelouse decisiva para dar un pouco de alivio e apoio ao sector nun momento tan complicado.

O Goberno, por Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, procedeu á declaración dun novo estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 nesta segunda ola da pandemia. Dito estado de alarma foi prorrogado por Resolución do Congreso dos Deputados de 29 de outubro de 2020, mantendo a súa vixencia ata o día 9 de maio de 2021.

En base a o estado de alarma declarado, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia ditou a Orde de 4 de novembro de 2020 pola que establecían medidas de prevención específicas para a cidade a consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica, entre as que se atopaba o peche dos locais de restauración e hostelería. Estas medidas resultaron efectivas e permitiron a recente reapertura aínda que con limitacións de aforo e horario.

E previsible e desexable, malia a época do ano en que nos atopamos, un incremento da demanda de uso das terrazas por parte dos cidadáns ante as maiores restriccións de aforo no interior dos establecementos, polo que se fai necesario conciliar o uso de ditas terrazas nunhas mínimas condicións de confortabilidade coa necesaria

ventilación e renovación que deben ter estas instalacións exteriores, para o que cómpre adoptar unha serie de medidas encaminadas á consecución deste fin e en base a elo

Primeiro.- Ofrécese aos titulares dos establecementos de hostelería situados na cidade de Lugo a posibilidade de instalar elementos de protección das terrazas nos seguintes termos:

-As terrazas poderán pechase lateralmente ata un máximo de tres cuartas partes do seu perímetro, que deberán ser de materiais transparentes ou traslúcidos que non poderán anclarse ao pavimento e deberán gardar a debida ventilación entre os peches laterais e o superior se o houbera.

- A cobertura superior só pode realizarse mediante toldos, sombrillas ou elementos similares que aguanten a intemperie.

- Tanto os peches laterais como superiores contarán con homoxeneidade de cor para unha mesma terraza.

- En todo caso deberán respetarse as condicións de uso, aforo e proporción de espazos que se establecen na normativa actual de aplicación e As que pudieran establecerse polas autoridades sanitarias competentes.

Segundo.- En base ao interese xeral de conter a propagación do virus e contribuir á mitigación do impacto sanitario, social e económico que ten xenerado a crise sanitaria as presentes medidas teñen carácter excepcional e temporal e manteranse en vigor mentras se manteñan as restriccións ao sector da hostelería, actuais ou futuras, que se puideran establecer polas autoridades sanitarias competentes, e sempre que o Concello considere que a magnitude das restriccións segue determinando a necesidade de manter medidas de alivio e apoio ao sector.

Terceiro.- Todas as ampliacións e novas instalacións de terrazas que se tiveran realizado ao abeiro do Bando extraordinario da Alcaldía de 20 de maio de 2020 (BOP do 22 de maio) e as súas sucesivas prórrogas así como os novos elementos de protección das mesmas que se puideran implementar co presente terán carácter provisional e excepcional, podendo permanecer ata a data na que perdan vixencia as medidas que no mesmo se contemplan.

Cuarto.- Para a implantación dos elementos de protección dunha terraza o titular do establecemento deberá presentar unha declaración responsable na que manifieste que os elementos que vai a instalar, de peche lateral e superior, cumpren as condicións establecidas no presente Bando.

Quinto.- Esta medida de urxencia, excepcional e temporal publicarase no Taboleiro de Edictos e no Boletín oficial da provincia e terá vixencia dende a súa publicación no citado Boletín ata a súa revocación.

Lugo, 9 de decembro de 2020.- A Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 3186

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **1/12/2020**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **NOVIEMBRE** de 2020, polo importe total de **2.685,37 €**.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 1 de decembro de 2020.- O Alcalde- Presidente, Jose Luis López López.

R. 3146

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

Advertidos erros no texto da publicación do anuncio da aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, que foi publicado no BOP de Lugo nº 268, de 21 de novembro de 2020, é necesario facer as seguintes correccións:

- No apartado 1. do artigo 1º, onde dí: “O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,81%” debe dicir: “O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,71%”

- En relación á data, onde dí: “ A Pobra do Brollón, a 22 de decembro de 2020” debe dicir: “A Pobra do Brollón, a 16 de novembro de 2020”

A Pobra do Brollón, 7 de decembro de 2020.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3147

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01343

PETICIONARIO: Ramón Vázquez Díaz

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Chamoso

LOCALIDAD: Chamoso Paradela (San Fiz)

TÉRMIN. MUNICIPAL: O Corgo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Chamoso/Chamoso

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Chamoso" – "Ramón Vázquez Díaz", con un volumen máximo anual de 248,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Túnel de infiltración.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 4 de diciembre de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 3148
